

Someto á consideración deste Pleno municipal a urxencia desta moción porque considero que o contido, de ser aprobada, ten relación cos presupostos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano e o noso próximo Pleno Ordinario celebrarase en decembro.

MOCIÓN

O Programa Preescolar na Casa, que atendía no ano pasado a máis de 4.000 familias está en perigo de morte.

Eran 61 mestres en plantilla dunha Fundación Privada sen ánimo de lucro e de Interese Galego que nace como iniciativa de Cáritas de Galicia no ano 1977 para cubrir un baleiro que existía na educación de cero a tres anos e preescolar principalmente no medio rural non contemplada nin asumida pola administración educativa.

Preescolar na Casa non atende, estimula e forma soamente ós rapazucos en idades tenras senón que se fan estas tres funcións tamén cos pais-nais co que se acada un dos vellos soños da educación: *a escola de pais*.

O programa Preescolar na Casa chega así mesmo a colectivos marxinais e desprotexidos coma drogadictos, inmigrantes, familias en risco de exclusión, prisión de Teixeiro, asociacións de nais prostitutas e doentes mentais...

O seu labor desenvólvese maioritariamente no medio rural, tan necesitado deste traballo, polo que concellos coma o noso veríanse seriamente danados en caso de desaparecer o citado programa.

Desde o seu nacemento no ano 77 foi incrementando o seu radio de acción e foi asumido o seu labor polas distintas administracións autonómicas por medio de axudas en persoal funcionario e asignacións económicas.

Actualmente goza dun enorme prestixio nos foros de educación, tanto do Estado coma europeos, pola modernidade dos seus programas e bo facer que leva a seren respectados en tódolos ámbitos educativos, sendo referente nos estudos máis serios que actualmente se fan sobre a educación de 0-3 anos e escolas de pais.

Xusto agora, a cinco anos de que o Comité de Ministros do Consello de Europa acordase unha recomendación ós estados membros para que... *tomen tódalas medidas lexislativas, administrativas, financeiras e doutro carácter...* para promover o exercicio positivo da parentalidade, a Administración Autonómica Galega nos orzamentos deste ano en que estamos corta as subvencións que viña dando para que este servizo **esencial** funcionase e déixao en risco evidente de desaparición.

Por todo isto este concelleiro pide á Corporación Municipal de Boimorto que se pronuncie e acorde elevar ó sr. Presidente da Xunta de Galicia a petición de que faga os posibles para non só manter este Programa de Preescolar na Casa senón para que se xeneralice en toda a Comunidade Galega, o cal redundaría nun evidente beneficio e servizo á calidade da educación na nosa Comunidade.

Boimorto, 27 de outubro de 2.011